

ACTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES PRESENTADAS POLA EMPRESA A BILLARDA S.L. EN RELACIÓN A EXCLUSIÓN DO SERVIZO DE “DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN, PROMOCIÓN DA SAUDE E DINAMIZACIÓN DE PERSOAS MAIORES, (PROGRAMA AMESSAN)” NO CONCELLO DE AMES.

Na Casa Consistorial de Ames sendo as once horas do día 30 de agosto de 2016, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **SERVIZO DE “DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN, PROMOCIÓN DA SAUDE E DINAMIZACIÓN DE PERSOAS MAIORES, (PROGRAMA AMESSAN)” NO CONCELLO DE AMES**, aos efectos de resolver as alegacións presentadas pola empresa “A Billarda S.L.” fronte a súa exclusión do procedemento de licitación anteriormente referenciado

ASISTENTES:

Presidenta:

Luisa Feijóo Montero, Concelleira delegada de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade do Concello de Ames

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, Secretaria municipal do Concello de Ames

Margarita Fernández Sobrino, Interventora municipal do Concello de Ames

Rogelio Pardo Martínez, Xefe do Servizo de Contratación do Concello de Ames

María Isabel González Cancela, Concelleira delegada de Participación e Atención Veciñal e Promoción Económica do Concello de Ames

Secretaria:

María Isabel Quintáns Ríos, auxiliar administrativa do departamento de Contratación do Concello de Ames.

Na sesión da Mesa de Contratación celebrada o 9 de agosto de 2016, procedeuse á apertura dos sobres “B”, que contiñan as Referencias Técnicas do servizo de “*Desenvolvemento de Actividades de Prevención, Promoción da Saúde e Dinamización de Persoas Maiores, (Programa Amessan)*” do Concello de Ames, na que se acordou, entre outros, a exclusión do procedemento ás empresas “*Servicios Integrales de Formación S.C.*” e “*A Billarda S.L.*”, ambas por non presentar a súa proposta en formato informático (memoria USB), tal e como se indicaba na cláusula 16.2 do PCAP.

O 19 de agosto de 2016 con número de rexistro de entrada 8.534 a empresa “A Billarda” presenta alegacións fronte á exclusión do procedemento de licitación.

Reunida a Mesa de Contratación aos efectos de valorar as alegacións, esta por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

PRIMEIRO: Propoñer ao órgano de contratación a desestimación do Recurso presentado pola empresa “A Billarda S.L.” e polo tanto a súa exclusión do procedemento de licitación do servizo de “*Desenvolvemento de Actividades de Prevención, Promoción da Saúde e Dinamización de Persoas Maiores, (Programa Amessan)*” do Concello de Ames, porque as alegacións non desvirtúan o criterio da Mesa de Contratación, dado que a licitadora non presentou a documentación correspondente ao Sobre B no único formato que esixía o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (cláusula 16.2), formato USB.

E non sendo outro o obxecto da reunión, a señora Presidenta da por rematado o acto, sendo as once horas e quince minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.

